



COÑECE E CAMIÑA

**SENDA MITOLÓXICA DO MONTE VISO
BRANAS DOS RÍOS SAR E SARELA
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

DOMINGO 17 DE NOVEMBRO DO 2024



PRESENTACIÓN

O 29 de novembro do ano pasado, fixemos unha ruta para **Veteranos Activos** que chamamos "**O Santiago descoñecido**". Xa na preparación, empezamos a pensar na versión para o **Coñece e Camiña**, para poder disfrutar de máis cousas, que nesa ruta quedaban sen ver. Así deseñamos unha ruta no moi longa, practicamente chan, que permitiranos ver ademais, o descoñecido (para a maioría) Monte Viso e un bo treito do río Sarela, afluente do río Sar.

A RUTA

Comezaremos no aparcadoiro do Gaiás, para facer a chamada **Ruta Mitolóxica do Viso**. Trátase dun fermoso paseo arredor do monte, cunhas grandes vistas de Santiago, no que hai diversas esculturas do artista Compostelan **Xose Manuel Méndez Rodríguez**, nas que recollen seres mitolóxicos como A Lamia, Breogán, O Urco, O Tardo etc. Calculamos lévenos sobre 90 minutos.

<https://www.guiategalicia.com/la-increible-ruta-de-los-seres-mitologicos-del-monte-do-viso/>
<https://www.santiagoturismo.com/miradoiros/monte-viso>

Logo baixaremos polo chamado Bosque de Galicia ata chegar a Colexiata de Santa María do Sar. Os domingos está pechado o centro de interpretación, polo que faremos unha curta vista do templo.

<https://visitasquiadas.es/D/post/joyas-del-romano-la-colegiata-de-sar-y-sus-columnas-inclinadas/>

Dende aquí seguiremos sempre polas Branñas do Sar, e Parque Eugenio Granel, que nos levarán ata Conxo, onde desviarémonos para visitar por fora a importante fachada do seu mosteiro, coñecer o carballo monumental que foi declarado **Árbore do Ano en España** en 2022, e o chamado **Banquete de Conxo**

<https://www.parquefluvialdesantiago.org/es/el-banquete-de-conxo/>

Continuaremos ata empatar coa entrada do Camiño Portugués en Santiago. Pola tarde, faremos un treito do río Sarela, afluente do

Sar, comezando nunha zona urbana ata chegar ao río, que xa non deixaremos ata chegar ao final non Parque de Galeras, pegado ao centro histórico.

Coma sempre, dependemos moito dá meteoroloxía. Se temos moita chuvia, adaptaremos a rota, cortándoa se é necesario. Tamén pode ocorrer que aínda que non choia, estean os camiños cheos de barro, e moi esbaradizos, polo que recomendamos levar, bo calzado e bastóns, ademais do equipo normal. Pola proximidade de Santiago, ao chegar, non faremos parada de café nin de baño.

Distancia: 15—18 km. / Dificultade: baixa /
Desnivel subida 110 m / De baixada 223 m .

Guía: David

AS SEGUINTE RUTAS SON:

25—28 Novembro. Veteranos Activos. Seideirismo e visitas culturais. Cervera de Pisuerga (Palencia).

11 Decembro. Veteranos Activos. Ruta da Auga. Zas (A Coruña).

15 Decembro. Coñece e Camiña e Veteranos Activos. Guitiríz (Lugo). Comida fin de tempada.



